

SOLICITUDES:



1: DESCARGA O FORMULARIO DE SOLICITUDE EN:
<https://www.uvigo.gal/campus/cultura/musica/ensaiamos>



2: CUBREO, ASÍNAO E ENTREGAO EN: calquera dos Rexistros da Universidade de Vigo ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das administracións públicas.



3: LEMBRA ASISTIR A REUNIÓN do día 11 de outubro, ás 12 horas, para definir horarios (chega un integrante por grupo).



HORARIOS DISPONIBLES (orientativos)

Luns de 12:00 a 15:00 horas e de 18:00 a 21:00 horas.

Martes de 12:00 a 15:00 horas e de 16:00 a 21:00 horas.

Venres de 13:00 a 15:00 horas e de 16:00 a 21:00 horas.

+ INFORMACIÓN

- <https://www.uvigo.gal/campus/cultura/musica/ensaiamos>
- Oficina de extensión universitaria. Edif. Miralles.
- T. 986 813626



Extensión Universitaria
Universidade de Vigo



Extensión Universitaria
Universidade de Vigo

ensaiamos
Servizo de apoio a iniciativas musicais
Curso 2019/2020



Dinamización de grupos
musicais e solistas por medio
dun local de ensaio establecido
no Teatro da Cidade Universitaria

Dende 2006 os grupos musicais dispondes dun espazo gratuíto para desenvolver o voso proxecto nun lugar privilexiado: o Teatro da Cidade Universitaria. Unicamente tendes que apuntarvos.

Este ano mantense o servizo a solistas para formar un grupo entre eles ou integrarse nalgún existente.

A Vicerreitoría de Extensión Universitaria pon ao voso dispor equipamento básico e persoal que vos asesorará no que precisedes.

ensaiamos
Servizo de apoio a iniciativas musicais

FUNCIÓNS DO SERVIZO

1. Dinamización dos grupos/solistas por medio dun local de ensaios establecido no Teatro da Cidade Universitaria cedendo o uso compartido dun equipamento inicial básico para a realización das sesións de ensaio.
2. Apertura e peche do local asinado para ensaios no horario marcado.
3. Montaxe e desmontaxe do equipamento básico dispoñible para a realización de ensaios contando co apoio dun dinamizador do servizo.
4. Apoio aos grupos/solistas con información de interese, posibilidade de usar un espazo WEB de comunicación cos participantes e de difusión nas carteleiras, e promoción para a realización de actividades por parte dos grupos.

EQUIPAMENTO BÁSICO PARA A REALIZACIÓN DE ENSAIOS SUMINISTRADO POLA UNIVERSIDADE

- Batería de 5 corpos.
- 2 amplificadores combo de guitarra de 100w.
- Amplificador de baixo de 150w.
- Mesa de mezcla de 10 canais mono, 2 auxiliares e entradas e saídas RCA.
- 2 altosfalantes autoamplificados de 300w.
- 4 micrófonos cos seus respectivos soportes.
- Cableado básico.

Xuntanza para definir os horarios
venres 11 de outubro ás 12 horas
no edificio Miralles, Sala 1
(Asistencia Obrigatoria)

REQUISITOS MÍNIMOS

1. O requisito mínimo imprescindible é que alomenos **dous** dos integrantes do grupo sexan membros da comunidade universitaria (alumnado, profesorado ou PAS), ou **tres** no caso de ser grupo de cinco ou máis compoñentes.
2. Os/as solistas deberán pertencer á comunidade universitaria.
3. Cada grupo deberá designar un responsable como elemento de comunicación e coordinación co dinamizador do servizo, que ademais velará polo cumprimento das normas que se establezan e de boa conduta no desenvolvemento da actividade.
4. Os grupos deberán levar os seus instrumentos (excepto os que xa provea Extensión Universitaria) e entre eles, baquetas e cables.

SOLISTAS

Seguen podendo apuntarse solistas para:

- Formar entre os/as solicitantes un novo grupo.
- Integrarse nalgún grupo que precise completarse.

HORARIOS DISPOÑIBLES (ORIENTATIVOS)

Durante todo o curso escolar:

Luns de 12:00 a 15:00 h e de 18:00 a 21:00 h.

Martes de 12:00 a 15:00 h e de 16:00 a 21:00 h.

Venres de 13:00 a 15:00 h e de 16:00 a 21:00 h.

PRAZOS DE ADMISIÓN DE SOLICITUDES

Datas

Dende o 23 de setembro ao 9 de outubro.